

**Secretaría Xeral****Expediente 2025000037985**

En relación co informe-proposta que sobre o asunto de referencia formula a Xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos con data 7 de novembro de 2025, o funcionario que subscribe, de conformidade co disposto nos artigos 3.3.d) 6º e 3.4 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite, cinguindo o seu contido ao ámbito delimitado pola normativa que se citará, o seguinte

INFORME PRECEPTIVO DA SECRETARIA XERAL RELATIVO AO CADRO DE PERSOAL E Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO QUE SE PROPÓN APROBAR CONXUNTAMENTE CO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA 2026**I. ANTECEDENTES**

- A xefatura de Servizo de Planificación e Recursos humanos emite informe o 7 de novembro de 2025 no que se incorpora a proposta de acordo ao Pleno da Corporación.
- O informe refírese ás modificacións propostas e que foron obxecto de negociación coa representación dos traballadores o pasado venres 7 de novembro.

Debe deducirse da certificación do secretario da Mesa de negociación que, o que aproba a mesa de negociación é a relación de propostas incorporada á acta en forma de proposta do Servizo, aínda que esta proposta non indica se son todas as propostas dos Servizos ou cales se aceptan e cales non polo propio Servizo/deputado delegado da área. O que se indica é que se aproba a proposta do Servizo con dúas salvidades, a retirada de unha e á incorporación dun posto máis na zona recadatoria número 4 e outro de técnico de xestión tributaria.

Debe observarse ao respecto:

1º.- Un posible erro na data da reunión da mesa de negociación na proposta incluída no certificado do secretario da mesa, en tanto que a reunión foi o 7 de novembro segundo o referido certificado, pero referíndose a proposta do Servizo sometida á mesa, e incorporada ao certificado, a unha reunión o día 30 de outubro. Semella que debe referirse a unha proposta que se somete á mesa e, xa con posterioridade á mesa de negociación, emítese o informe proposta do Servizo ao Pleno da Corporación que se somete a informe.

**Deputación
DA CORUÑA****Secretaría Xeral**

2º.- O informe proposta está asinado 13:26 do día 7 de novembro, mentres que o certificado da mesa de negociación asínao o seu secretario o mesmo día ás 12:56, reflectindo este que *“acórdase retirar do informe proposta do Servizo de Planificación e Xestión de RRHH a adaptación consistente en engadir “especial dedicación” ao posto de Xefatura de negociado do parque mobil, código de posto 1.1.295.1. Engádesse á proposta inicial a modificación dun posto de oficial 2ª na zona recadatoria número 4 en outro de técnico de xestión tributaria”*.

Debe destacarse tamén que o expediente inicia coa convocatoria da mesa de negociación sen que consten máis documentos formalmente no expediente que as propostas dos Servizos, sen avaliar antes polo Servizo de Recursos humanos, polo que ese informe previo do Servizo debería estar “vixente” e non “obsoleto” e non debeu referirse á negociación algunha porque aínda non se celebrara.

Non resulta demasiado claro o que se somete a consideración da mesa de negociación e, só dunha análise polo miúdo das mesmas poderíamos saber cales se aceptan (estas si as recolle o informe da Intervención) e cales non.

- **Achégase ao expediente o informe da Intervención do 12 de novembro de 2025.**
- Procede agora a emisión do informe da Secretaría xeral no se que darán por certos os datos das propostas reflectidos pola Intervención no seu informe, xa que neste momento, en atención a que a comisión informativa está prevista para o vindeiro luns 17 de novembro e o Pleno extraordinario para o día 21 (polo que a convocatoria da Comisión informativa debería terse feito no día de hoxe 12 de novembro con carácter ordinario), esta Secretaría non pode realizar unha labor de análise maior, sendo ademáis labor do Servizo, que debería telo incorporado ao informe coa valoración xurídica da legalidade de cada unha das propostas, da motivación da non aceptación dalgunhas propostas (sexa por legalidade ou oportunidade) e das consecuencias que para cada posto suporían, sobre todo naqueles casos de transformación ou modificación de postos provistos definitivamente por algunha persoa funcionaria de carreira, aspecto ao que nos referiremos máis adiante e ao que tamén alude a Intervención.

II. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LRBRL): artigo 33.2 f) atribúe ao Pleno a aprobación do cadro de persoal e da Relación de postos de traballo (en diante RPT); artigo 34.1 h) que atribúe á presidencia a xefatura superior de todo o persoal; artigo 90.2 relativo á

**Deputación
DA CORUÑA****Secretaría Xeral**

obriga das entidades locais de formar a RPT consonte coa lexislación básica sobre función pública.

- Texto Refundido del Estatuto Básico del Empleado Público (en diante TREBEP), aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro: artigo 74 sobre ordenación de puestos de trabajo y 75 a 77 sobre clasificación de funcionarios e persoal laboral.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en diante TRRL), aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril: artigo 126 sobre os cadros de persoal que deberán conter todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, e aprobarse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento, os supostos da súa ampliación e modificación e as relacións de postos de traballo.
- Real decreto 861/1986, polo que se regula o réxime retributivo dos funcionarios de Administración Local (en diante RFAL): artigo 4.2 relativo ao establecemento e modificación do complemento específico.
- Ley 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (en diante LEPG): artigo 202 que sinala que as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes na mesma, así como o procedemento de aprobación, e 205 para a selección e provisión.
- Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civis da Administración xeral do Estado, (en diante RXI), aprobado por Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRFL), aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo: artigos 162 a 167 sobre contido e aprobación dos orzamentos xerais das entidades locais.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título VI da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos: artigos 2 a 23 sobre contido e aprobación dos orzamentos xerais das entidades locais.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado (en diante LOXE) para 2023. A esta data non se teñen aprobado orzamentos do Estado para 2024 nin 2025, polo que aquel está prorrogado.

III. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**III.1 Sobre o capítulo I do Orzamento para 2025**

O capítulo I do Orzamento para 2026 experimenta un incremento tanto polas previsións de aumento das retribucións do persoal como polas adecuacións retributivas necesarias para financiar as novas prazas a incluír na Oferta de emprego público como polas modificacións propostas no informe proposta



Secretaría Xeral

obxecto do presente informe, de cuxas cantidades xulgará a súa suficiencia a Intervención xeral no seu informe ao Orzamento xeral para o exercicio 2026 ao que nos remitimos.

III.2 Sobre o cadro de persoal

O cadro de persoal da Deputación da Coruña para o exercicio 2026 ascende a 825 prazas, das que 798 corresponden a persoal funcionario e destas 20 están ocupadas por persoal laboral (e destas 2 ocupadas por persoal laboral indefinido) e 27 a persoal eventual, o que significa un incremento de 5 prazas respecto do cadro de persoal aprobado co orzamento para 2025 (7 creacións e 2 amortizacións).

Das prazas novas trataremos conxuntamente cos correlativos postos de traballo que se crean.

III.3 Sobre a RPT

Ademais do sinalado en canto á falta de motivación legal ou de oportunidade das propostas non acollidas e da legalidade das acollidas, debemos referirnos ao apartado do informe da Intervención relativo a “adscrición provisional dos funcionarios que están a desempeñar os seus postos e que son transformados a outros distintos” pois do mesmo debe deducirse que na proposta hay distintos tipos de modificacións, máis alá da diferenza pola súa transcendencia económica, e así, propóñense 24 transformacións de postos e outros cambios como creacións de prazas e postos, cambios de denominación, readscricións, cambios en condicións de postos de traballo, condicións de provisión, etc...

Antes de determinar a transcendencia xurídica de cada cambio, debe destacarse en canto ao réxime de fontes que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Tribunal, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 1ª, Sentencia 69/2017 do 15 Febreiro do 2017, ditada no Recurso 216/2016 sinalou que *“como norma general, según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, que estaba vigente cuando se aprobaron los acuerdos aquí impugnados, “El personal funcionario de las Entidades Locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local”, lo cual revela, a la vez que una **preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública.** Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18 de la Constitución.*

En congruencia con lo anteriormente señalado, en la materia de provisión de puestos de trabajo de funcionarios de carrera en la Administración Local la

**Deputación
DA CORUÑA****Secretaría Xeral**

regulación normativa concede preferencia a lo que establezca la legislación del Estado, como se desprende del artículo 3.2 del DL 1/2008, que dispone que se aplica dicha normativa autonómica", en lo que no está reservado a la legislación del Estado", y así se deduce igualmente del tenor del artículo 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril , por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local, que establece:

"La provisión de puestos de trabajo que, de conformidad con la relación aprobada, estén reservados o puedan ser desempeñados por funcionarios de carrera, se regirá por las normas que, en desarrollo de la legislación básica en materia de función pública local, dicte la Administración del Estado".

Asimismo, el artículo 101 de la Ley 7/1985, de 2 de abril , de bases de régimen local, remite para la provisión a las normas que regulen estos procedimientos en todas las Administraciones públicas, que evidentemente son las básicas del estatuto básico del empleado público.

Hay que tener en cuenta que, en todo caso, el desarrollo normativo local debe hacerse dentro del marco constitucional de la reserva de Ley que establece el art. 103.3 de la Constitución. La jurisprudencia constitucional (SSTC 99/1987, 37/2002 y 1/2003) ha señalado que esta reserva de Ley en la función pública comprende el estatuto funcional (derechos y obligaciones, responsabilidad y régimen disciplinario), modos de provisión de puestos de trabajo (delimitación de lo funcional y lo contractual laboral), situaciones administrativas, adquisición y pérdida de la relación de servicio y las condiciones de promoción de la carrera administrativa.

Más específicamente en relación con funcionarios de la Administración Local, la sentencia del Tribunal Constitucional 235/2000, de 5 de octubre , ha declarado, en su fundamento jurídico quinto, que la " competencia que asiste al Estado exart. 149.1 18 CE le permite establecer las bases del régimen estatutario de los funcionarios públicos y dentro de este régimen se encuentran, sin duda, los sistemas de provisión de puestos de trabajo".

[...] En ese sentido, esta Sala y Sección ya acudió a la normativa estatal, en materia de provisión de puestos de trabajo de funcionarios de carrera de la Administración Local, en nuestras sentencias de 21 de mayo de 2014 (recaída en el Recurso 874/2011) y de 5 de noviembre de 2014 (recurso de apelación 244/2014).

De lo anterior se desprende que, en principio, la materia de provisión de puestos de trabajo de funcionarios, también respecto a los de la Administración Local, se regula por los artículos 79 y 80 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre , por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público (en su momento eran los mismos



Deputación
DA CORUÑA

Secretaría Xeral

ordinales de la Ley 7/2007), debido a que la disposición final 1ª de dicha norma establece que " Las disposiciones de este Estatuto se dictan al amparo del artículo 149.1.18.a de la Constitución, constituyendo aquellas bases del régimen estatutario de los funcionarios".

Dito o anterior:

1º.- Resulta de aplicación o disposto no artigo 126 do TRRL que sinala:

*"2. Las **plantillas podrán ser ampliadas** en los siguientes **supuestos**:*

a) Cuando el incremento del gasto quede compensado mediante la reducción de otras unidades o capítulos de gastos corrientes no ampliables.

b) Siempre que el incremento de las dotaciones sea consecuencia del establecimiento o ampliación de servicios de carácter obligatorio que resulten impuestos por disposiciones legales.

Lo establecido en este apartado será sin perjuicio de las limitaciones específicas contenidas en leyes especiales o coyunturales".

Non xustifica a proposta se o aumento do cadro de persoal está en algún destes supostos.

Ademais, sen prexuízo das dúbidas que poda ofrecer a ausencia de Lei de Orzamentos xerais do Estado para o vindeiro ano, seguindo o previsto na última aprobada, a LOXE 2022 para 2023, que prevé a posibilidade de aprobar unha Oferta de emprego público de ata o 120%, esta posibilidade tamén podería permitir aumentar o cadro de persoal, pero estes extremos non están xustificadas no expediente, deducíndose do informe económico emitido polo Servizo que propoñen a creación de 7 novas praza.

Cómpre polo tanto motivar e xustificar a legalidade de todas as modificacións propostas.

2º.- En canto ás 24 transformacións de postos e outros cambios, aínda que podería ter encaixe como adecuación de carácter singular (previstas no apartado Sete do artigo 19 da LOXE) que xustifiquen o aumento do gasto, outras cuestións de orde práctico e procedimental non quedan aclaradas:

1º.- O artigo 168 do TRRL sinala:

*"La **provisión de puestos de trabajo** que, de conformidad con la relación aprobada, estén reservados o puedan ser desempeñados por funcionarios de carrera, **se regirá por las normas que, en desarrollo de la legislación básica en materia de función pública local, dicte la Administración del Estado**".*

**Deputación
DA CORUÑA****Secretaría Xeral**

O artigo 78 do TREBEP di:

“1. Las Administraciones Públicas proveerán los puestos de trabajo mediante procedimientos basados en los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad.

2. La provisión de puestos de trabajo en cada Administración Pública se llevará a cabo por los procedimientos de concurso y de libre designación con convocatoria pública.

3. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto podrán establecer otros procedimientos de provisión en los supuestos de movilidad a que se refiere el artículo 81.2, permutas entre puestos de trabajo, movilidad por motivos de salud o rehabilitación del funcionario, reingreso al servicio activo, cese o remoción en los puestos de trabajo y supresión de los mismos”.

O artigo 81 do TREBEP pola súa banda sinala:

“1. Cada Administración Pública, en el marco de la planificación general de sus recursos humanos, y sin perjuicio del derecho de los funcionarios a la movilidad podrá establecer reglas para la ordenación de la movilidad voluntaria de los funcionarios públicos cuando considere que existen sectores prioritarios de la actividad pública con necesidades específicas de efectivos.

*2. Las Administraciones Públicas, de manera motivada, **podrán trasladar a sus funcionarios, por necesidades de servicio o funcionales, a unidades, departamentos u organismos públicos o entidades distintos a los de su destino, respetando sus retribuciones, condiciones esenciales de trabajo, modificando, en su caso, la adscripción de los puestos de trabajo de los que sean titulares**”.*

Este último artigo está a referirse á **readscripción**, onde semella que podería ter encaixe a adscripción do operario de servizos do pazo de Mariñán ao Servizo de Arquitectura e Mantemento, ou no caso de todos os postos da Sección de prevención de riscos laborais ao Servizo de Recursos humanos (aínda que deberían terse detallado os postos de traballo pois estamos ante a RPT e non só o organigrama). Tamén sería o caso do cambio de adscripción dos técnicos superiores da Unión Europea, que reciben tamén cambio denominación, salvo que este cambio comportase cambios de funcións que afecten ás condicións esenciais do traballo, o que non consta, aínda que a nova denominación coincide con outra tipoloxía de posto de traballo existente na RPT, polo que deberían terse comparado para determinar se estamos ante unha readscripción ou unha redistribución como se verá.

**Deputación
DA CORUÑA****Secretaría Xeral**

En termos similares o artigo Vinte.1 c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública dispón:

“Las Administraciones públicas podrán trasladar a sus funcionarios, por necesidades de servicio, a unidades, departamentos u organismos públicos distintos a los de su destino, respetando sus retribuciones, condiciones esenciales de trabajo y provincia e isla de destino y modificando, en su caso, la adscripción de los puestos de trabajo de los que sean titulares”.

Doutra banda o artigo 26 do RXI sinala que:

1. La adjudicación de puestos de trabajo a los funcionarios de nuevo ingreso se efectuará de acuerdo con las peticiones de los interesados entre los puestos ofertados a los mismos, según el orden obtenido en el proceso selectivo, siempre que reúnan los requisitos objetivos determinados para cada puesto en las relaciones de puestos de trabajo.

Estos destinos tendrán carácter definitivo, equivalente a todos los efectos a los obtenidos por concurso.

O artigo 36 do RXI dispón:

1. Los puestos de trabajo adscritos a funcionarios se proveerán de acuerdo con los procedimientos de concurso, que es el **sistema normal de provisión**, o de libre designación, de conformidad con lo que determinen las relaciones de puestos de trabajo en atención a la naturaleza de sus funciones.

2. Cuando las necesidades del servicio lo exijan, los puestos de trabajo podrán cubrirse **mediante redistribución de efectivos o por reasignación de efectivos como consecuencia de un Plan de Empleo**.

3. Temporalmente podrán ser cubiertos mediante comisión de servicios y adscripción provisional, en los supuestos previstos en este Reglamento.

Polo tanto, as referidas 24 transformacións propostas poderían ser supostos de **redistribución de efectivos**, en tanto que a reasignación precisa dun Plan de emprego, que non é o caso.

Pero os supostos de redistribución defínense no artigo 59 do RXI:

“1. Los funcionarios que ocupen con carácter definitivo puestos no singularizados podrán ser adscritos, por necesidades del servicio, a otros de la misma naturaleza, nivel de complemento de destino y complemento específico, siempre que para la provisión de los



Secretaría Xeral

referidos puestos esté previsto el mismo procedimiento y sin que ello suponga cambio de municipio.

Son puestos no singularizados aquellos que no se individualizan o distinguen de los restantes puestos de trabajo en las correspondientes relaciones.

El puesto de trabajo al que se acceda a través de la redistribución de efectivos tendrá asimismo carácter definitivo”.

Polo tanto a **redistribución de efectivos non é aplicable a todas as transformacións de postos propostas porque moitas destas, senon todas, supoñen modificacións substanciais, polo que o tratamento legal non é a redistribución de efectivos senón a supresión de posto e a consecuente creación dun novo posto de traballo.**

Sendo así, estas transformacións **son redistribucións de efectivos nos casos en que o posto a suprimir e o posto a crear teñan o mesmo complemento de destino e específico e non sexan postos singularizados.** Podería ser o caso dos postos de técnicos superiores da Unión Europea, que reciben tamén cambio denominación a Técnicos de proxectos, no caso de que supuxeran cambios de funcións que afecten ás condicións esenciais do traballo, o que como dixemos non consta.

Tendo en conta que, segundo a RPT son postos singularizados, en xeral, todas as xefaturas de sección e de servizo, as 4 transformacións en xefatura de sección non poderían realizarse por redistribución porque proveñen de posto non singularizados e pasarían a singularizados ademáis do cambio nas retribucións complementarias.

Nos demáis casos, deberá comprobarse a identidade de complementos de destino e específico para comprobar se a redistribución é a figura xurídica idónea.

Polo tanto, **os casos que non poden artellarse como redistribución serán casos de supresión de posto e creación dun novo, polo que procederá a remoción do posto de traballo**, consonte cos artigos 50 e 63 do RXI:

“Artigo 50. Remoción do posto de traballo

*1. Los funcionarios que accedan a un puesto de trabajo por el procedimiento de concurso podrán ser **removidos por causas sobrevenidas, derivadas de una alteración en el contenido del puesto, realizada a través de las relaciones de puestos de trabajo, que modifique los supuestos que sirvieron de base a la convocatoria**, o de una falta de capacidad para su desempeño manifestada por rendimiento*

**Deputación
DA CORUÑA****Secretaría Xeral**

insuficiente, que no comporte inhibición y que impida realizar con eficacia las funciones atribuidas al puesto.

[...]

2. La **propuesta motivada de remoción** será formulada por el titular del centro directivo, Delegado del Gobierno o Gobernador civil y **se notificará al interesado para que, en el plazo de diez días hábiles, formule las alegaciones y aporte los documentos que estime pertinentes.**

3. La propuesta definitiva se pondrá de manifiesto a la Junta de Personal correspondiente al centro donde presta servicio el funcionario afectado, que emitirá su parecer en el plazo de diez días hábiles.

4. Recibido el parecer de la Junta de Personal, o transcurrido el plazo sin evacuarlo, si se produjera modificación de la propuesta se dará nueva audiencia al interesado por el mismo plazo. Finalmente, la autoridad que efectuó el nombramiento resolverá. La resolución, que pondrá fin a la vía administrativa, será motivada y notificada al interesado en el plazo de diez días hábiles y comportará, en su caso, el cese del funcionario en el puesto de trabajo.

5. **A los funcionarios removidos se les atribuirá el desempeño provisional de un puesto correspondiente a su Cuerpo o Escala, en el mismo municipio, no inferior en más de dos niveles al de su grado personal, en tanto no obtengan otro con carácter definitivo, con efectos del día siguiente al de la fecha del cese y de acuerdo con el procedimiento que fije el Ministerio para las Administraciones Públicas”.**

En termos similares o recolle o artigo Vinte.1e) da Ley 30/1984 citada:

*Los funcionarios que accedan a un puesto de trabajo por el procedimiento de concurso, podrán ser removidos por causas sobrevenidas, derivadas de una alteración en el contenido del puesto de trabajo, realizada a través de las relaciones de puestos de trabajo, que modifique los supuestos que sirvieron de base a la convocatoria, o de una falta de capacidad para su desempeño manifestada por rendimiento insuficiente, que no comporte inhibición y que impida realizar con eficacia las funciones atribuidas al puesto. La remoción se efectuará previo **expediente contradictorio mediante resolución motivada del órgano que realizó el nombramiento, oída la Junta de Personal correspondiente.***

Pola outra banda, o artigo 63 sinala:

Artículo 63. Adscripción provisional.



Secretaría Xeral

*Los puestos de trabajo podrán **proveerse por medio de adscripción provisional únicamente** en los siguientes supuestos:*

- a) **Remoción o cese en un puesto de trabajo obtenido por concurso o libre designación con arreglo a lo dispuesto en los artículos 50.5 y 58.***
 - b) **Supresión del puesto de trabajo, con arreglo a lo dispuesto en el artículo 72.3 de este Reglamento.***
- [...]"*

Polo tanto, nestes casos, non consta no expediente a audiencia previa aos funcionarios afectados, que podería viciar o acordo pola súa falta, así como que os efectos serán desde o cese que deberá producirse individualmente coa conseguinte adscrición desde a entrada en vigor da modificación da RPT, polo que os efectos de 1 de xaneiro de 2026, que reflicte o acordo proposto, semella que non poderán acordarse con carácter xeral, senón que deberá condicionarse a supresión do posto á remoción e á adscrición provisional de quen o ocupe definitivamente.

Cuestión distinta é o caso de postos que están ocupados por funcionario interinos ou funcionarios en comisión de servizos, porque esas remocións de postos suporán no primeiro caso o cese de quen o ocupa interinamente por supresión do posto e no segundo caso a reincorporación ao seu posto definitivo. Neste caso de persoal interino aumenta a posibilidade de indefensión que lles provoca a ausencia do trámite de audiencia preceptivo que se ten omitido.

Nos casos en que non poda realizarse por redistribución a estes postos novos, poderían adscribirse provisionalmente aos postos “transformados” ou deixalos a disposición, pero tendo en conta que a garantía retributiva e a consideración de “a disposición sen posto de adscrición” ten un prazo máximo de 3 meses, mais semella tempo insuficiente para tentar a provisión definitiva dos novos postos, de cara a non estender situacións de transitoriedade ou provisionalidade, xa que o artigo 72.2 do RXI sinala que: “2. *Los puestos cubiertos mediante adscripción provisional se convocarán para su cobertura con carácter definitivo por los sistemas previstos en las relaciones de puestos de trabajo. Los funcionarios que los desempeñen tendrán la obligación de participar en las correspondientes convocatorias*”.

Malia o anterior, unha posible solución máis acorde cos dereitos dos demais empregados públicos podería ser proceder no prazo de tres meses (prazo máximo da posta a disposición sen posto de adscrición) á convocatoria deses novos postos por unha forma de provisión temporal, sexa comisión de servizos ou adscrición provisional segundo o aspirante teña ou non posto definitivo, priorizando a provisión por persoas que non teñen posto.

3º.- Para o caso das xefaturas de servizo debe destacarse:

**Secretaría Xeral**

- **A falta de motivación no informe proposta dos cambios na posibilidade de provisión por persoal doutras Administracións públicas (tamén no caso do posto de Bibliotecario/a para o que se sinala o cambio no informe de Intervención pero non se atopa no resto do expediente).** Especialmente relevante é o caso da Xefatura de Servizo de Cultura á que cambia de denominación e tamén de funcións ao perder parte das mesmas en favor doutra xefatura de servizo, pero suprímese a posibilidade de ocupalo con persoal doutras Administracións cando o posto é o mesmo (na proposta do Servizo, na acta da mesa de negociación, no informe proposta e no informe de Intervención non se recolle pero si se desprende do anexo III RPT que se achega ao expediente), ten a mesma codificación e non é obxecto de nova valoración. Ao contrario, a escisión do mesmo, o novo posto si ten esta posibilidade de ser ocupado por persoal doutras Administracións sen xustificar o informe esa característica herdada do posto escindido. O mesmo sucede coa xefatura de Asistencia técnica a concellos que tamén perde esa opción sen máis motivación, debendo a xuízo de quen informa, ter sido todos eles obxecto de valoración ao ter a condición de singularizados, xa que si *“son puestos no singularizados aquellos que no se individualizan o distinguen de los restantes puestos de trabajo en las correspondientes relaciones”*, o singularizado se *“individualiza”* e polo tanto debería esta modificación da RPT motivar cal é a singularidade do novo posto de xefatura que recomenda a apertura a outras Administracións públicas, e cales son os motivos para que as xefaturas de Cultura, Igualdade e Dereitos civís, o de Asistencia técnica a concellos e o de Bibliotecaria/o a perdan.

Malia o anterior, o certo é que a matriz de valoración de postos vixente recolle unha valoración uniforme de todos os postos de xefatura de servizo e de sección, polo que outra solución podería ser quitar a todos eles a consideración de singularizado, porque semella que non o son. Así, sería suficiente con xustificar no expediente os motivos para a supresión da condición de A3 dos tres postos citados (ou só aclaralo no caso do Servizo de Cultura e Bibliotecario/a pois no primeiro caso só se atopa no anexo III RPT e no caso de Bibliotecario/a no informe de fiscalización e no anexo III RPT). En relación con este extremo nada di o informe proposta pero si nalgún caso os dos Servizos:

- No caso de Asistencia técnica a concellos motiva o cambio en que *“presentando na actualidade o Servizo unha estrutura consolidada e en funcionamento, respondendo eficazmente ás necesidades desta Administración dentro da limitación de medios persoais con que conta”*, debendo destacar que de 11 postos de traballo só 3 están en adscrición definitiva, 4



Secretaría Xeral

interinados con reserva e a cúspide do Servizo en comisión de servizos, polo que non é doado atopar a motivación do cambio na estrutura consolidada.

- No caso da xefatura de servizo de Cultura, Igualdade e Dereitos civís, nin sequera se alude ao cambio nin na proposta do Servizo nin na de Recursos humanos, polo que non se entende a omisión desta condición de A3 na proposta de RPT.
 - No caso do posto de Biblitecario/a recóllese o cambio no informe de Intervención e na proposta de RPT, mais quen informa non é quen de atopar este cambio nas propostas, e polo tanto a súa motivación.
- Tampouco se alcanza a entender por que a **solicitud de especial dedicación do posto de xefatura do Parque móbil non é posible sen reunión previa da comisión de valoración, pero sí é posible incluir o factor de atención ao público no posto de xefatura de departamento de Biblioteca** sen necesidade do mesmo trámite. De conformidade co artigo 4.2 do RFAL o establecemento ou modificación do complemento específico esixirá, con carácter previo, que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo atendendo á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade.. onde están eses factores de especial dedicación ou atención ao público entre outros, polo que a incorporación dun novo factor a un posto de traballo debería ser obxecto desta comisión de valoración e do mesmo xeito cando se trate de postos novos singularizados.

III.4 Procedemento e competencia de aprobación

En canto ao capítulo I do Orzamento e o cadro de persoal que se aproba xunto co Orzamento, o procedemento de aprobación é o requirido para o Orzamento, do que da cumprida conta o informe da Intervención xeral.

En canto á RPT. Tal e como sucede co seu contido, as remisións da lexislación de réxime local (arts. 126.4 TRRL e 90.2 LRBRL) á lexislación básica da función pública e desta última á lexislación autonómica, determina que a norma aplicable acabe sendo o artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia, que derroga definitivamente o artigo 16 Lei 30/1984:

Artigo 202. Relación de postos de traballo

1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nelas.

2. A relación de postos de traballo, logo do cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da



Secretaría Xeral

entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou 4 alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia.

O “órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local” para a aprobación da relación de postos de traballo é o Pleno da Deputación. E esa competencia plenaria é indelegable. Así o determina o artigo 33 LRBRL:

“[...] 2. Corresponde en todo caso ao Pleno:

f) A aprobación do cadro de persoal, a relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios, e o número e réxime do persoal eventual.

4. O Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Presidente e na Comisión de Goberno, agás as enunciadas no número 2, letras a), b), c), d), e), f), h) e ñ), e número 3 deste artigo”.

Por outra banda, a referencia ao “*cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan*”, inclúe o trámite necesario de negociación colectiva, tal como prevén expresamente os artigos 37.1.c) do TREBEP e o artigo 153.1.c) da Lei de Emprego de Galicia, ao determinar as materias obxecto de negociación, trámite que figura cumprimentado no expediente como se dixo arriba, aínda que coas contradicións co informe proposta posterior que deben quedar solventadas no expediente.

E posto que se trata de materia institucional e de relevancia xurídica, a aprobación e modificación da relación de postos de traballo debe facerse pública nos termos previstos nos artigos 6 e 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Finalmente, tal e como sinala o artigo 51 da LRBRL, os actos das entidades locais son inmediatamente executivos, salvo naqueles casos en que unha disposición legal estableza o contrario ou cando se suspenda a súa eficacia de acordo coa Lei.



Secretaría Xeral

Os efectos da aprobación do acto administrativo no que consiste a RPT son de plena aplicación ao exercicio correspondente en todo o referido á súa función organizativa e de estruturación dos recursos humanos da Deputación de acordo co art. 38 da Lei de emprego de Galicia (denominación dos postos, descrición de tarefas, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, sistemas de provisión...); pero tanto neses elementos que configuran a RPT como en especial no que atinxe ás retribucións derivadas da modificación da relación de postos de traballo, os efectos produciranse só en canto non sexan contrarios ao establecido na lei, singularmente nas leis de orzamentos. Sobre estas últimas cuestións xa se pronuncia a Intervención xeral no seu informe xa que están fóra das atribucións de informe desta secretaría.

IV. CONCLUSIONES

Deberá valorarse polo Servizo propoñente a necesidade de aclarar as observacións recollidas no presente informe como a falta de motivación das modificacións propostas ou da necesidade de realizar con carácter previo o trámite de audiencia a todas aquelas persoas empregadas públicas cuxos postos de traballo se verán afectados pola modificación proposta, especialmente no caso das supresións de postos de traballo por amortización ou por posterior “transformación”.

É este o meu informe que someto á consideración da unidade xestora para avaliar as observacións realizadas, así como ao órgano competente, quen co seu superior criterio decidirá o que estime máis conveniente.

Na Coruña, na data de sinatura electrónica

O Secretario xeral

Miguel Iglesias Martínez